

Un souto do Val do Mao leva xa o nome da escritora Marica Campo

Redacción - | 15 de Xuño de 2013



Cesáreo Sánchez e Marica Campo no Campo da Festa

Ía calor no Incio durante toda a xornada mais non era só o sol. Arredor de duascenas persoas, con destacada presenza de escritoras e escritores, arrouparon a Marica Campo na homenaxe da AELG “A escritora na súa Terra”. O Campo da Festa do Val do Mao leva xa o seu nome e un camelio plantado pola escritora medrará nos espazos nos que se desenvolveu a súa nenez.

Acompañada e querida tívose que sentir a escritora Marica Campo ao ir recibindo ás máis de duascenas persoas que se trasladaron de todas partes da Galiza para partillar na xornada que a

República das Letras lle tributou. E non só desde o país. Desde Granada desprazáronse Aurora López e Andrés Pociña e desde o País Vasco chegou o amigo Xosé Estévez. Amigas e amigos da poesía como Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Xavier Baixeras, Marta Dacosta, Medos Romeu, Margarita Ledo ou o propio Cesáreo Sánchez Iglesias participaron nos actos durante toda a xornada nos que tamén tomaron parte coñecidas figuras non só das letras senón tamén da política e o sindicalismo. Polo Incio estiveron Pilar García Negro, Bautista Álvarez, Francisco Rodríguez, Xosé Manuel Beiras, Mario Outeiro, Cosme Pombo, Silverio Rivas, Montse Prado, Mercedes Queixas, Estravís, Carme García Negro, Ramón Varela, Saleta Goi, Anxo Louzao, David Otero, Xosé Ramón Freixeiro Mato -autor da laudatio- e moita familia e veciños do Incio, a terra na que naceu Marica Campo e na que garda lembranzas da súa infancia e do seu achegamento á literatura.

Por aí discorreron os seus dous discursos, o primeiro na Casa do Concello, coa alcaldesa como anfitriña e o segundo no Campo da Festa que leva xa o seu nome, pola relación co Val do Mao que fixo que se remitise á infancia feliz no que a literatura comezaba a gañar espazo. Marica Campo falou de maneira íntima e persoal, lembrando episodios familiares para os amigos e amigas, recoñecendo a súa intensa relación da lingua que coñeceu no Incio, o seu compromiso co idioma e as primeiras achegas a un mundo literario que a había acompañar ata hoxe. En diversas ocasións, a escritora tivo que parar, interrompida polas palmas que se manifestaron, de maneira especial, nos fragmentos nos que a autora reparaba na reivindicación do uso da lingua en tempos nos que as dificultades se incrementan.

O primeiro poema do primeiro libro

No souto, o Campo da Festa, xa queda prendida unha placa que lle dá o nome da escritora a ese espazo

que tantas lembranzas ten para ela, boas e malas, intensas fixo, daquelas que quedan para toda a vida porque forman parte da biografía de cada quen. Ao pé da igrexa, do singular camposanto cuberto e do campo de lecer e encontro, no que a música ecoa a través do tempo. Alí queda tamén o monolito cun poema da autora labrado na pedra, o “Val do Mao”, primeira composición do primeiro libro, poema inaugural da traxectoria literaria da ilustre veciña do Incio.

“Na súa traxectoria literaria e cívica transparece o firme compromiso coa Galiza, patria asumida e sempre reivindicada, e coa causa da xustiza e da solidariedade. Espírito libre, aberto e xeneroso, Marica Campo comprométese en cada texto coa calidade e dignificación artística da lingua, máis outra forma, en fin, de fidelidade e amor á Terra” dixo Xosé Ramón Freixeiro Mato, autor da laudatio coa que homenaxeou á autora.

Tamén Cesáreo Sánchez, que pronunciou dous discursos nos dous actos da xornada, se dirixiu a Marica Campo para dicir: “Na túa palabra que é idioma na súa máis fonda raíz vai a transparencia do río primeiro de primavera, vai o noso presente que escoitamos nos ecos da memoria que son patria. E no teu Eu cabe o Nós que contén todos os seres que somos sen nós saber”.

